

LETRAS GALEGAS 2014

# XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

# NIMBOS





# PÓRTICO





## COMA VENTOS FUXIDOS

*ESTES non son poemas, nin cimentos*
*de poemas siquera. Son fragmentos*
*de min mesmo perdidos,*
*coma ventos fuxidos,*
*por antigos camiños esquencidos:*
*¡Díaz Castro perdido no traxeito*
*dun recordo moi longo, recolleito*
*por un anxo e salvado*
*nalgún intre de amor desesperado!*







## NIMBOS

Se é que o poema é só un nimbo de lus
que os ollos cegos póñenlles ás cousas
soñadas, ou amadas nas teebras,

das cousas que xa foron e se foron
pro siguen sendo e non se van xa máis,
das sombras que, xogando cos meus ollos,
na  miña vida en lume se enxeriron,

eu deixo eiquí os nimbos, coma cinza
de rosas que onte encheron de perfume
o mundo, morto xove, dalgún soño.





## COMA BRASAS

Poeta eu non, eu cantarei as cousas
que na soleira de min mesmo agardan.
Alumarei con fachas de palabras,
ancho herdo meu, o mundo que me deron.

Eí están, coma brasa contra a noite,
as vellas cousas, cheas de destinos.
Ollos que piden, de famentos nenos.
Ollos que esperan, dunha adoescente.

¡Galiza en min, meu Deus, pan que me deron,
leite e centeo e soño e lus de aurora!
Longa rúa do mar, fogar da terra,
e esta crus que nos mide de alto a baixo.

Con este alento, eu lles darei ás cousas
o drama cheo que lles nega a vida:
dareilles rostos, para que se conozan,
palabaras lles darei para que se entendan…





# NOITE





## BORRALLO

¡ Ave, césar, ei!
Ti fas e desfás:
No hai copa nin reino
Vedados pra ti,

¡ por quen choran tóda-
las estrelas xa
sobre a cinza horrible
do que arde usen lus!





## ALFA E OMEGA

Foi o comezo do tempo un berro de sede dende a lus.
A vocación do mundo é subir antre cadavres
por un camino de sede lusquefús.
A espranza do mundo é o amor consumido de sede
na consumación da crus.
A fin suprema do tempo é un estalido de gloria na lus.







## NOITE NO MUNDO

¡Noite do mundo, oco
de estrela arrincada,
onte teimo verte
de repente arder
sobre a miña vida
case consumida
na ourela da nada!

Ai ter teu alento
no meu rostro ó fin,
e eu diante os teus ollos
derrubarme en lus,
esvaerme no aire
que ti vas beber,
ser o teu rastro, ser
 o teu eco perdido
e, case, non ser.





## COMA UN ANXO AIRADO

O sol na Corda está enterrado,
morto e enterrado hastra a metá.
Nadan na lus somente un budio
e o ladro perdido dun can.
A sombra de tódalas cousas
vai resultando que é verdá.

E no oco do lusquefusque
vanse perdendo as miñas maus:
apalpo, cadora máis donda,
a oculta mentira da paz.
Vigilate et orate- dixo
Xesús, na Noite do Olivar.

¿ Onde foron os que se erguían
Coma deuses? Xa non están.
Treman no budio escuro bágoas,
rola unha estrela, dorme o can.
Derrétense os bronces da gloria
nas sombras da noite que cai.

Pro están eí as falsas mortas,
as serpes douradas de paz,
sombras na sombra confundidas,
donda la no teu cabezal.
¡ Erte, fillo, coma anxo airado,
rompe a paz, e ponte a loitar!





## O VERME E A ESTRELA

Esta sede infinita de pureza
ausoluta, esta sede de xustiza
que nos queima, esta sede de beleza…
baixo as alas de pedra da preguiza
e a paga do pecado en cada esquina
e a herbiña sobre a foia e a ruína…

¡ Esta sede de lus, mentres o vento
da norte zúa darredor das cousas
que están no noso corazón, cincento
sopro que arrinca os días, queima as chousas
máis íntimas, e várreas coma a ágoa…!

A lus do mundo é a que arde nunha bágoa.





# LUS





## ESMERALADA

Herba perquerrechiña
que con medo sorrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sen ti,
¿ por que de ser pequena
te me avergonzas ti?
¡O Universo sería
máis pequeno sen ti?.





## VELEIQUÍ OS HOMES

I

¡Ai os xonllos doridos á carón deste mundo,
as maus xuntas que axuntan nun intre a alma toda,
os beizos que agurgullan oraciós coma fontes
na noite cecha, copas de sangue que fomega!

¿Que donda mau allea esmagou contra os dentes
da Penitencia os pobres corazós coma péxagos,
e enfiou prás estrelas este berro da carne,
a sede que non morre, vella coma os camiños?

Saben os ollos que hai tralo valado un Reino
e que do anxo hastra o grilo brinca o gozo de Deus.
E Deus dá boa fada ós ollos namorados
que chegaron abertos ás portas do mencer.

Vese a Deus relocindo nos ollos dos que esperan
e nas linguas que alampan, tremando coma lapas,
un Pan feito de lúa, perdón e beixo eterno
pra aló das anduriñas e o bafexar dos bois!

Veleiqui os homes
de soños sementados de estrelas e de virxes,
e de alma coma a serra, que se brande e non creba,
e escuros pés romeiros perdidiños nas fragas,
e ollos que non amaron máis lus que a lus de Roma.

As maus que nivelaran campás xa aló nas nubes
ou que enfundiran cruces de loureiro nos trigos,
viran ás veces como lles medraba antre os dedos
a doce ferramenta e volvíase espada...





¡Que noite a das espadas acesas contra o hirexe,
e os carros dos Nerós trastumbando hastra o ceo!
A noite fomegóu de sangue e testemuño,
e o vento ía chorando pra aló do mesmo mar.

II

E, cando apalparon a Morte,
viron que era unha mau moi donda que mataba
unha lus e acendía outra lus, e, moi ledos,
chegáronse, amodiño, á soleira do Reino,
mesmo que o paporroibo nos días de gran neve
se acurrucha cantando nas portas dos labregos...





## DO NOVO CEO

Deica o mencer chegaron os seus berros,
-e hastra as estrelas se estremoreceron-
chapuzaduras inda do seu sangue
vello no novo ceo.

Á beira do ancho río
da miña vida nova,
matei aquel recordó
que ó corazón se me enroscaba vivo,
na noite horrible: tiven que afogalo
en bágoas. Pro os seus berros
chegaron deica o mesmo
mencer, ¡ chapuzaduras do seu sangue
vello no novo ceo!





## A NOITE É NECESARIA

Hai homes cheos de sombra,
homes a contralús
que che fan ver a Deus
coma unha mar de lus.

A Noite é necesaria
pra que ti poidas ver
sobre o medo e o mal
as estrelas arder.





# ESPRANZA







## TERRA SUCADA

¡Terra sucada, poema
de cen versos na outonía!
Orballa na cal, no escuro
camiño de tantas vidas...

Ferve o grau, pulo enterrado
da espranza, nena dormida.
¡Terra do ceo arrincada!
Chora a terra desterrada,
terra arada, nai perdida.







## PENÉLOPE

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
 e a tea dos teus soños non se move.
A espranza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
 a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, ¡ Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados como sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡ Un paso adiante e outro atrás, Galiza!







## QUEZÁIS

Non sei por qué me deron esta mañá vidrada
chea de alas de pomba.
Foi, se cadra, un grande anxo esquencido que tivo
dó destes ollos cansos.

Non sei por qué me deron esta tarde tan cenza
cunha fonte no medio.
Quezáis nunha batalla sen nome oieu a Virxe
voz que Ela coñecera.

E esta noite baixiña con mil ventás acesas,
¡e baixo dela un leito!
Quezáis Deus, tendo dó da noite que hai en min,
variou soles e mundos...





## TERRA DO TEMPO

¡Pro eu non fun excluído da convida!
Hora e lugar me deron, nau e portos,
e a gloria de levar esta inmortal ferida,
e a de alterar & historia dos vivos e dos mortos

Terra do tempo, miña escada escura,
rocha de sombra onde o mencer aniña.
Ademetido fun na espranza pura,
e a morte que me. mata non é miña.





# MILAGRE





## POLPA DORIDA

¡ EI, Terra Verde e Mar de Orballo,
Polpa dorida se as hai!
¡ As túas portas perdín todo
cheiro alleo de terra ou mar
e agora, ó caer no teu colo,
oio pacer a canto hai!





## REMUÍÑO

Xa se fincou nas pereiras
a primavera. Sentín
o vou - e - non - vou de marzo.
¡Xa no hai piedade pra min!

Pasou rispándome a quina
dun cabalo que non vin.
Brandéuse o ceo de vidro
aló por Ponte - Gafín.

Crebóuse a paz coma un fío
nos dentes fríos de abril.
Perdido no remuiño,
¡xa no hai piedade pra min!

Ti, cabelos de ouro e de aire,
nena, ¿en que ceo te vin?
Chuchoume unha meiga os ollos,
ti xa no es metá de ti.

Torceuse o eixo das cousas,
toleou folla e raíz,
moscáronme os soños, caio...
¡Xa no hai piedade pra min!

Pro tralo fume revolto
de todo o que cai, sentin
que Deus andaba a xogar.
¡Inda hai piedade pra min!





## COVA ALUMADA

¡ Cruel, cruel, cruel
Realidade!¡ Ai laio
sobre o escombro dun soño
que non se erguerá máis!

Para aló do mundo, un sol
Sen noite nin historia
busca a ruina esquencida
e énchea toda de gloria.





## TRASFIGURACION

**Sinto ás veces as horas nos meus ombros
e digo que me pesan coma un reino.
Eu penso no teu Reino que no é deste
mundo, e entón párcenme as miñas horas
alas, Xesús, e escuma sobre a mar.**





## VÍSPERAS

Polos días do Carmio a festa chega ó río.
Unha música ardente vén no aire coma un río
de recordos. Foguetes lonxanos cain no río.
Este é o Porto - Muíño, todo en lapas, o río.

O río está deitado coma un boi remoendo,
e o Tempo non sei qué anda rente del remexendo.
As bágoas do ameneiro cain pola noite abaixo,
e fan ceos pequenos de estrelas aló embaixo.

Nas puntiñas dos pés a festa chega ó río,
e anésgase, larmeira, á beiriña do río.
Despois vólvese tola: brinca o río berrando,
e pérdese nos vimbios e as xesteiras beilando,

e acéndese nos vidros da aldea chea de anos,
e ergue a moi meiga as pálpebras de animás e cristianos...
Chora o ameneiro en soños (¡Que ben se oin os muíños!),
e chora polo tempo perdido nos camiños.

¡Ai como está de bágoas de nenos feito o río!
Este é o Porto - Muíño, todo en sombras, o río.
A Virxe pasa a mau polo lombo do río...

# Xosé María Díaz Castro



# NIMBOS



## O BERRO DAS PEDRAS

Irios ou ártabros, bergantiños ou caránicos, ¡ei!
¡ Ninguén veu a Lumieira, mesturada coa lus
do cotián mencer!
O milagre veu a vós coma o vento que vén pisando a herba,
¡ e as vacas de Breogán nin siquera ergueran a cabeza!
Sant Iago esvarou para Galiza coma o sangue dentro
dunha vea…
*Lumen ad revelationem* ¡ Vila acesa no monte esquencido,
relucían os louros pagaos contra a Noite lastrada de ídolos:
Xesús visgounos, e eles quedaron condanados ó seu amor.
Druídas, nas fragas de Deus coma un niño enleado
o corazón,
¡ Celtas!, Tiñades os ollos axeitados á medida da verda,
e a Lus sentouse en vós, como o Outono se senta na mazá.

O ceo reverte estrelas un vento puro zúa nos budios.
Voen arrincadas arrincadas esta noite as follas dos enfollos escuros,
Pérdase o fume das vellas historias nesta fraga de
torres despertas,
torres de irexas coma a sombra afiada de dúas
maus xuntas que rezan,
mentres os homes soñan ou xuran e as mulleres
rezan ou choran,
lousados da Fe, insuas de vida nun mundo que
morre a cadora,
testigos manchados de sangue no tordeante xuício
da Historia.
Esborrexe pola noite un río de cabazas e vieiras
de grande Europa,esborrexe coma bágoas polas meixelas…
Dade casa cuberta ó larchán, cobexo ó bon Tempo Perdido,
ó que deixou a medio facer o eixo dun carro e un neno
durmindo:
Himnos enchen á noite, fomea o nome de Iago en vinte
… linguas…

¡ EI, ultreia! ¿ De ónde vén o lume de esas muxicas acesas





na noite de Iria?
E despois é un cabalo tras doutro e o balbordo de homes
que descoten
sitio e arquiteitura, ¡ pois non se enzarra un Trono baixo
a terra dos homes!
¿ Non coñecías Xesús as pedras das Rías Baixas cor
do aceiro?
Brincan da canteira ósos de pedra virxe, e óense os alentos,
nenos e galos axoutados arrédanse e deixan pasar
un río de pedras,
tolean os martelos en días eternos e noites cegas…
e medra amodiño na noite un feixe de colunas
coma gorxas de pomba:
non se fixo o Templo en tres días; que o home é breve
e a noite é longa.
Pro medra coma a aurora tralos piñeiros, soño
de beleza mostruosa
masa de dogmas de pedra, seixo a seixo, a Nai
de Compotela,
e así quedou pá sempre, coa crista por riba do Tempo
furando na néboa,
a Catedral, a grande Galiña deitada no medio das leiras.

¡ Dolorosamente, Compostela, dolorosamente te amaron
hastra que o teu nome
bourou nas mesmas estrelas, Galaxia que índa cansa
o pescozo dos homes!
¡ Dolorosamente te amaro nos carros que cantaron
pra ti, vila eterna,
e nas pás que cavaron as foias, coma sucos pra unha
nova Primavera,
e no calado e forte arado, imaxe de Deus, que vai
derregando tantos destinos,
e nas plumas despertas toda a noite e nao usada espranza!
pendurada dun fío!

# Xosé María Díaz Castro



# NIMBOS

LETRAS GALEGAS 2014

¡ Dolorosamente te amaron na paciencia invencible e na
inspiración que on morre:
ronseles, corredoiras e recordos de doloroso amor pra
ti decorren.

Tamén xudas e espulós medraron á túa sombra, e no
Libro da Vida
non se escribirán algún nomes, porque se escorrería a tinta.
Pro baixo un  sol alleo o cabalo de Sant Iago rinchou
antre cadavres,
e os ósos dos homes, antes de seren herba, foron parábolas
de sangue…

Noites de pedra, de bronce, de ferro, noites e días
de historia cega esperaran ver subir polas cuíñas
a sombra de Xesús vivo, súa nau entrar na baía.
¡ Non quería erguerse a aurora sobor da terra baleira!
Calada a herba orballada e calaban as estrelas.
Berraron na noite as pedras, e a noite encheuse de lus;
as pedras berraron, e a sombra de tódalas cousas
asemellouse á sombra de Xesús;
as pedras berraron, e os seus berros ¡ petrificáronse en
torres rematadas por unha crus!





# SOÑO





## A CERNA

Hase de amara a cousa hastra a sangue.
O verdadeiro amor enferra en neve,
ara nun mar de rosas suco leve,
ai pro acudulla en sangue.

Tinguéuseche o machado en sangue loura.
¡ Ai como, cernador, doi a batalla
cos que un ama!¡ Que moura é a sombra moura
do machado na galla!

Despida contra o ceo A Que Non Fala,
a póla firme coma un xuramento,
berra nos dentes do machado e estala
e tordea no vento…

Sobre os cómbaros dondos coma un velro,
sobre as cornas dos boi, sobre o camino,
a fraga berra, coucorexa o melro,
cai arroulando un niño…

Eu vinte contra o sol, nunha hora tola,
Abrazado ó teu toro, derregando
a traxedia de Deus. ¡ Doinos a póla,
pro seguimos cernando!

Hastra que caia a derradeira estrela,
cairá o machado en carne que choramos,
no soño puro de deixar máis bela
unha vida que amamos.





## COMA UN RÍO

Coma un río quixera eu ser: cantar
con estrelas no lombo cara ó mar,
deixando unha chorima en cada pedra,
e unha bágoa de Deus en cada herba.

Hai unha cousa clara coma o sol:
prós nosos ollos no está feita a lus
do mundo, ó abrente frío que se abreu
cando abrimos os ollos sobre o mundo.

E eu coma a néboa sobre os outros montes
que lles cobre a ferez  e mailas bágoas;
e eu coma a estrela que entra polo oco
do lousado do pobre na agonía.

Hai unha cousa clara coma a lus:
que no é para nós a música do mundo
a promesa raiante da hora enorme
en que se dixo: ¡ *outro home veu ó mundo!*

E eu como un fondo río de recendos,
de voces e de luces: coma o aire,
que beixa todo e non se apousa en nada
máis que no sangue, na raíz do sangue…





## NO RESPLANDOR DO DÍA

Quero morrer de música nunha tarde de pinos
sen sentir o martelo dun recordó no sangue,
e caer a modiño na sombra como a lúa
enterra as súas cornas tras de Arxán.

Que o sol siga o seu rego deica o mesmo cadullo,
a derradeira rella do tempo en carne viva,
que os paxaros non calen no oco quente da tarde,
que non paren os bois de remoer.

Que o meu carro se entorne cheo de lume e soño
sen axotar as troitas nin as alas dormidas,
e que a Deua me encomenden os ventos vagabundos,
as lebres que se riron do meu can,

os camiños que andiven e as árbores con niños,
os ollos, inda cheos da lus de Deus, dos nenos,
as voces escondidas que teman deste mundo,
as bágoas puras que non ve ninguén,
namentras en falopas cae a imaxe do mundo
e as voces son adeuses de xente non peirao
e eu estrela da noite que se perde no día,
no resplendor do día que busquei.



# FERIDA







## CORTINA

Diante el unha muller, doce feitura,
e un fillo criado, única victoria.
Tras del fragas zuando, paus, loucura,
e mozas coma rosas, longa historia.

*Ei farruco da Rolda: Dáme lume.*
*Terma aínda da lus que antre nós arde,*
¡ Pro non! Non tento máis que pedra e fume,
e en toda cousa se meteu a tarde.

Nesa tarde cargada de lorbagas
veu o Silencio. Xa tras del as fragas,
perdidas coma ovellas, a zuar.
Tras del o fillo, a casa e a muller.
Morreu. Os bois volveron a pacer
e tralo arado as pegas a brincar…





## AI, CAPITÁN

¡Chorar, chorar, mentres o barco rompe
contra o solpor, na noite!

A túa pipa non verán meus ollos
fomegar máis;
nin o teu riso, para sempre inmenso
abrente na mar.
Lume che din, cinza me queda. ¡Cinza,
capitán!

Soia a sirea do teu barco
toda a eternidá.
Fume nos ollos, area fría
nas miñas maus.
E en boca que perdín, a longa pipa
fumando a miña vida, capitán.

¿Chorar, chorar,
como sempre choraron as mulleres,
ai capitán, con barcos ou sen eles!





## TERRA ACHAIADA

¡Ei, o sol, niño ardendo nos loureiros!
¡Ei ledicia do agro cheo de homes!
Nos meus ollos de neno lapas, hoxe
terra rebada.

¡Lóstrobos enroscados das fouciñas
e voces grandes coma a de meu pai!
Ruxir aceso das paveas, hoxe
praias do vento.

Sobor da lapa das espigas, ¡ei!
un son de flauta ou chafarís de ameixas.
Muiñeiras de anxos polos trigos, hoxe
sombras alleas.

Uns beizos duros co cigarro ó enxizgo
moulando historias dos caños de Cuba.
Un neno atúa ós petrucios, hoxe
po caladiño.

Bérrolle ó sol bendito, ó can raxado
que abrouxa o sono dos carballos, ¡ei!,
ás maus olindo a tarde e espigas, hoxe
terra na terra.

Bérrolle á nena coa mazá nos dentes
que perdeu o seu nome tralo Atlántico,
berro nas portas do outro mundo, ¡e no óio
máis que o meu berro!





## COMA UNHA ESCADA

Lémbrome ben do vento que cantara
no fío da túa morte, meu amigo,
dos doces días que arrastrou o vento,
da derradeira pomba da esperanza.

Sobor da escuma dos recordos fría
navega un nome cara a min, sen nada,
o eco dunhas zocas afogándose
no veludo sen fin da eternidade,
a sombra longa dunhas maus, xa cougas
na lus da tarde, feita monumento.

Tódalas cousas morren esta tarde
con longuísimas sombras, baixo a muda
roda sen dó. Pro ti, ¿pra que estás morto?
Antre a esfera onde estás e as miña sombra
unha oración que no esperabas tira
unha canle de lus coma unha escada.

Desfaise o tempo, faise a lus, e case,
case baixar te vexo pola escada
de lus pra acabar xuntos esta historia
que, por un erro, interrompeu a morte.





## MONUMENTO Á AUSENCIA

¡Lus,
ceo rachado, lus!
Inda vexo a lus,
E despois os galos,
e despois os homes,
e despois todo val, ¡cáliz fervendo!

Naquela mañá feita para os ollos
de Deus, pra sempre froleceu a pudia,
cantaron as lavercas para sempre.
E eu perdinme antre os trigos ben perdido,
coas espigas por riba da cabeza,
no carreiro longuísimo dos adeuses...

Adeus ó amigo que non tiven tempo
de me engañar, pra sempre xa querido.
Adeus á nena de ollos coma pregos
que será nena dentro de mil anos.
Adeus ás portas, xa pra sempre fieles;
adeus ós montes, todos urizados
de estrelas de ouro vivo para sempre;

adeus ás pedras, coma rosas xa;
adeus ás maus, quentiñas para sempre.

¡Que quente é agora o seo desta noite
chagado pola lus daquel mencer
que pra sempre se foi e non se vai!





## COMA UNHA INSUA

¡Pro véu a noite derrubando todo!
E eu, sedento dunha áncora ou baía,
dinme a buscar teus cen perdidos nomes
pra te chamar, ¡ouh nai, ouh insua miña!





## COMA UNHA ESPADA

Tódolos ríos pasan pola miña
alma, cheos de Deus, música e lapas.
Tódalas pombas fan o meu amor.
A beleza feriume para sempre.

Ó traveso da escura teadaraña
deste mundo unha estrela cai no río
da miña vida é quedáme chamando.
A beleza feriume para sempre.

En cada vez eu oio unha chamada
cun longo eco de adeus que non entendo,
pro que me fire coma espada ardendo.
A beleza feriume para sempre.

E as falopas dos anos van caendo
sobre a sede inmortal e os ollos tristes,
¡pro no enterran a boca da ferida!
A beleza feriume para sempre.

# Xosé María Díaz Castro

# NIMBOS





LETRAS GALEGAS 2014

## ÍNDICE DE NIMBOS


**PÓRTICO**

Coma ventos fuxidos
Nimbos
Coma brasas

**NOITE**

Borrallo
Alfa e Omega
Noite do Mundo
Coma un anxo airado
O verme e a estrela

**LUS**

Esmeralda
Veleiqui os homes
No novo ceo
A noite é necesaria

**ESPRANZA**

Terra sucada
Penélope
Quezáis
Terra do tempo

**MILAGRE**

Polpa dorida
Remuíño
Cova alumada
Transfiguración
Vísperas
O berro das pedras

**SOÑO**

A cerna
Coma un río
No resplendor do día

**FERIDA**

Cortina
Ai, Capitán
Terra achaiada
Coma unha escada
Monumento á ausencia
Coma unha insua
Coma unha espada